

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLO PLENO DO CONCELLO NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2015

1. APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.- Aprobáronse por unanimidade.
2. APROBACIÓN DEFINITIVA DO CONVENIO URBANÍSTICO DE PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE RODEIRO E A DIOCESE DE LUGO PARA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) NO ÁMBITO DA AVENIDA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN NO LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO, PARA A CREACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA USOS RELIXIOSOS.- Aprobouse pola maioría de sete votos a favor (grupo municipal do Partido Popular e Sr. Salgado González), dous en contra (Sra. Lorenzo López e Sr. Lamazares Casero) e dúas abstencións (Sr. Vence Deza e Sra. Failde Fernández).
3. PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE FESTIVOS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2016.- Aprobouse, pola maioría de sete votos a favor (grupo municipal do Partido Popular e Sr. Lamazares Casero) e catro abstencións (grupo municipal socialista e Sr. Salgado González), propoñer como festivos locais para o ano 2016 os días 13 de xuño (Santo Antonio) e 8 de setembro (Nosa Señora do Faro).
4. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2014.- Foi dada debida conta dela.
5. MOCIÓNS DE APOIO E DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO:
  - Do Grupo municipal do Partido Popular.- Aprobouse pola maioría de dez votos a favor (grupos municipais do Partido Popular e socialista, e Sr. Lamazares Casero) e unha abstención (Sr. Salgado González).
  - Do Grupo municipal socialista.- Aprobouse pola maioría de dez votos a favor (grupos municipais do Partido Popular e socialista, e Sr. Lamazares Casero) e unha abstención (Sr. Salgado González), logo de introducir modificacións nela polo grupo propoñente á solicitude do Grupo municipal do Partido Popular.
  - Do concelleiro Sr. Lamazares Casero.- Foi rexeitada pola maioría de seis votos en contra (grupo municipal do Partido Popular), catro a favor (grupos municipal socialista e Sr. Lamazares Casero) e unha abstención (Sr. Salgado González).
6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á RETIRADA DA LEI ORGÁNICA 4/2015, DE 30 DE MARZO, DE PROTECCIÓN DA SEGURIDADE CIDADÁ (LEI MORDAZA).- Foi aprobada a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular pola maioría de seis votos a favor (grupo municipal do Partido Popular) e catro en contra (grupo municipal socialista e Sr. Lamazares Casero).
7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AO TRANSPORTE DOS ALUMNOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL A LALÍN.- Foi aprobada a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular pola maioría de sete votos a favor (grupo municipal do Partido Popular e Sr. Lamazares Casero) e tres en contra (grupo municipal socialista).
8. MOCIÓN DO CONCELEIRO SR. LAMAZARES CASERO RELATIVA Á MELLORA E ARRANXO DO CAMPO DE FÚTBOL SINTÉTICO.- Foi retirada polo concelleiro propoñente.
9. MOCIÓN DO CONCELEIRO SR. LAMAZARES CASERO RELATIVA AO ABASTECIMENTO DE AUGA DIGNO.- Foi retirada polo concelleiro propoñente.
- ✓ MOCIÓN VERBAL POR URXENCIA DO CONCELEIRO SR. LAMAZARES CASERO DEMANDANDO A COLOCACIÓN DE PAPELEIRAS E DUN MARCADOR ELECTRÓNICO ASÍ COMO A REPARACIÓN DO BANQUILLO DO EQUIPO LOCAL NO CAMPO DE FÚTBOL DA RAÑA.- Foi rexeitada a urxencia pola maioría de seis votos en contra (grupo municipal do Partido Popular) e catro a favor (grupos municipal socialista e Sr. Lamazares Casero).
- ✓ MOCIÓN VERBAL POR URXENCIA DO CONCELEIRO SR. LAMAZARES CASERO DEMANDANDO QUE SE CONSIGNE PARTIDA NO ORZAMENTO DE 2015 PARA A MELLORA DO ABASTECIMENTO DE AUGA NAS PARROQUIAS DE RODEIRO, RÍO, CARBOENTES E SAN MARTIÑO DE ASPERELO.- Foi rexeitada a urxencia pola maioría de seis votos en contra (grupo municipal do Partido Popular) e catro a favor (grupos municipal socialista e Sr. Lamazares Casero).
10. ROGOS E PREGUNTAS.- Formulan rogos e preguntas os concelleiros Sra. Lorenzo López e Sr. Lamazares Casero.

